



ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, publícase que o alcalde ditou a seguinte:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER a relación de procedementos concluídos postos á disposición da Alcaldía a través da plataforma de tramitación electrónica de expedientes municipais (TEDEC).

TENDO EN CONTA a necesidade de adxudicar o contrato de Servizos complementarios de educación (Expd 2024/C004/000010) para que se inicie no exercicio 2025 e que o mesmo debe ser acordado pola Xunta de Goberno Local e dado que polas datas nas que nos atopamos non se vai a celebrar ningunha outra Xunta de Goberno ordinaria antes da finalización do ano.

CONSIDERANDO a necesidade de cumprir cos pagos das facturas e así mesmo poder imputalas ao peche deste exercicio orzamentario.

TENDO EN CONTA que, mediante resolución de Alcaldía nº 840/2023 do 20/06, acordouse constituír Xunta de Goberno local do Concello de Oroso, como órgano de carácter necesario, integrado pola Alcaldía, que a preside, e polos concelleiros D^a. Licia López Gándaras (1era Tenente de Alcalde); D. José Carlos Mosquera Boo (2º Tenente de Alcalde); D. Óscar Rodríguez Piñeiro (3er Tenente de Alcalde); e D. Carlos Fernández Barreiro (4º Tenente de Alcalde).

TENDO EN CONTA mediante a referida Resolución de Alcaldía se establece que a Xunta de Goberno local, previa convocatoria realizada ao só efecto por esta Alcaldía, realizará sesións ordinarias na denominada “Sala de Xuntas” o primeiro e o terceiro martes de cada mes ás 9:30 horas en primeira convocatoria e unha hora despois en segunda; que no caso de que coincida nun día inhábil, a sesión realizarase o día inmediatamente anterior ou posterior; que a Alcaldía poderá adiantar ou retrasar as sesións ordinarias, así como suspendelas, con ocasión de períodos vacacionais, sempre que isto non menoscabe a xestión dos asuntos municipais da súa competencia.

LOGO DE VER que mediante resolución de Alcaldía nº 1004/2023 do 24/07 procedeuse a modificar a resolución de Alcaldía nº 840/2023 fixando a hora de celebración da sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local para as 15:30 horas.

TENDO EN CONTA o disposto nos artigos 78 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con esta data **RESOLVO**:

PRIMEIRO. CONVOCAR unha sesión extraordinaria da XUNTA DE GOBERNO LOCAL para:

Día: 30/12/2024

Hora: 14:15 horas a 1.^a convocatoria e, se procedese, ás 14:45 horas a 2.^a.

Lugar: salón do pleno da Casa do Concello.

Orde do día:

I PARTE RESOLUTORIA

1.-Xestión Económica.

1.1.-Aprobar se procede a adxudicación do contrato de SERVICIOS COMPLEMENTARIOS DE EDUCACIÓN NOS COLEXIOS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA DE OROSO (Exp 2024/C004/000010) e o compromiso do gasto.

1.2.- Aprobar se procede a certificación de obra nº 1 e recoñecemento da obriga derivada da mesma relativa á obra de HUMANIZACIÓN E MELLORA DO TRAMO ESTE DA RÚA DO CAMPO DE SIGÜEIRO” (EXPTE: 2024/C003/000001).

1.3.-Aprobar se procede recoñecer as obrigas derivadas da relación de facturas F/2024/154 preparadas polo Departamento de Intervención por importe total de 3.417,44 euros (EXP.2024/G006/000137).

1.4.-Aprobar se procede recoñecer as obrigas derivadas da relación de facturas F/2024/155 preparadas polo Departamento de Intervención por importe total de 1.312,39 euros (EXP.2024/G006/000138).

1.5.-Aprobar se procede recoñecer as obrigas derivadas da relación de facturas F/2024/156 preparadas polo Departamento de Intervención por importe total de 4.804 euros (EXP.2024/G006/000139).

1.6.-Aprobar se procede recoñecer as obrigas derivadas da relación de facturas F/2024/157 preparadas polo Departamento de Intervención por importe total de 56.292,65 euros (EXP.2024/G006/000140).

1.7.-Aprobar se procede a autorización, disposición e recoñecemento das obrigas derivadas da relación de facturas F/2024/158 preparadas polo Departamento de Intervención por importe total de 11.049,77 euros (EXP.2024/G006/000141)..

1.8.- Aprobar se procede a autorización, disposición e recoñecemento das obrigas derivadas da relación de facturas F/2024/161 preparadas polo Departamento de Intervención por importe total de 1.390,19 euros (EXP.2024/G006/000142).

1.9.-Aprobar se procede a autorización, disposición e recoñecemento das obrigas derivadas das cuotas do ano 2024 da Comunidade de Propietarios do



Edificio Rúa O Campo número 9 que ascende á cantidade de 117,72 euros(EXP 2024/X999/000644).

SEGUNDO. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da xunta de goberno, REMITÍNDOLLES a minuta da acta que se eleva a súa aprobación e as propostas de resolución dos asuntos incluídos na orde do día, poñendo a súa disposición as propostas de acordo na sede electrónica do Concello no apartado “portal dos cargos electos” (<https://sede.orosogal/opencms/es>).

TERCEIRO. PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.orosogal/opencms/gl/>) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CUARTO. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Oroso asinado dixitalmente pola Secretaria en funcións
Ana María Liñares Castro